

A continuación infórmase dos acordos da reunión en sesión ordinaria do Consello de Goberno, que tivo lugar o día 28 de abril de 2023 na Sala 18 do Campus Remoto da Universidade de Vigo e no Paraninfo, que poden ser do seu interese:

- * Aprobación da acta correspondente á sesión ordinaria do 30 de marzo de 2023.
- * Aprobación da programación docente anual (PDA) de titulacións de grao para o curso 2023/24.
- * Aprobación da programación docente anual (PDA) de titulacións de máster para o curso 2023/24.
- * Aprobación da tramitación da modificación do Grao en Relacións Internacionais para o curso 2024/25.
- * Aprobación da proposta de transformación da Escola Aberta de Formación Permanente no Centro de Posgrao e Formación Permanente da Universidade de Vigo (CPFP).
- * Aprobación da creación da Facultade de Enfermaría da UVigo.
- * Aprobación da proposta do Mestrado de Formación Permanente en Auditoría e Contabilidade.
- * Aprobación da proposta do Mestrado de Formación Permanente Dual en Información Xeoespacial.
- * Aprobación da modificación da Normativa de permanencia e progreso nas titulacións oficiais de grao e de máster da Universidade de Vigo.
- * Aprobación do Regulamento de réxime interno do Departamento de Análise e Intervención Psicosocioeducativa (AIPSE).
- * Aprobación da convocatoria de axudas propias á investigación da Universidade de Vigo para o ano 2023.
- * Aprobación da modificación do Regulamento de réxime interno do Instituto de Física e Ciencias Aeroespaciais.
- * Aprobación da creación do Instituto de Xustiza e Xénero.
- * Aprobación do nomeamento de Xavier Labandeira Villot como director comisario de ECOBAS.

O secretario xeral

Contra a presente resolución, que esgota a vía administrativa, poderase interpoñer un recurso perante a xurisdición contencioso-administrativa, no prazo de dous meses a contar dende o día seguinte á publicación da presente resolución, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

As persoas interesadas poderán optar por interpoñer contra esta resolución un recurso de reposición, no prazo dun mes, contado a partir do día seguinte á publicación da presente resolución, perante o mesmo órgano que a ditou. Neste caso non se poderá interpoñer un recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente ou se producise a desestimación presunta do recurso de reposición interposto, segundo o previsto no artigo 123.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.